


ANIMADOR

Diocese de Ourense - Lectio Divina

TEMA 6: CONFLICTOS QUE NACEN NO NOSO INTERIOR

“¿Está dividido Cristo?”

(1Cor 1, 13))



“Como desexaría, nestes tempos, unhas comunidades cristiás máis fraternas onde se faga este camiño: andar na verdade da humildade que nos libera de nós mesmos para amar máis e mellor aos demais, especialmente aos máis pobres! Nada hai máis fermoso que vivir e morrer como fillos desta Igrexa nai!”
(Papa Francisco, 15/10/2014)

Soñando o Ideal

COMEZAMOS cun **canto** e encomendando a Deus este momento de Lectio Divina.

ORACIÓN DE INICIO

*Señor Xesús,
estamos aquí reunidos para escoitar a túa Palabra
que nos fala na vida e na Sagrada Escritura.
Dános a alegría de experimentarte próximo,
de coñecerte cada día un pouco máis,
de chegar aos poucos ao fondo do teu corazón.
Sabemos que só ti es a fonte de toda felicidade,
por iso queremos enchernos de ti.
Desta forma sabemos, tamén,
que faremos máis felices a todos os que nos rodean.
Dános lucidez para atoparte,
corazón ardente para amarte e valentía para servirte.
Dános a graza de saber orar
e levar unha vida de acordo á nosa oración.
Que poidamos ser no medio do noso mundo
ese grao de sal e esa faísca de luz
que ilumine, alegre e dea sabor
á vida de todos os que nos rodean. AMÉN.*

I. MIRANDO XUNTOS A NOSA REALIDADE

Lemos o seguinte relato:

Lolita traballa nunha cooperativa panificadora duns corenta obreiros. Chámase “Pan bendito”. Serven pan, doces e comida a máis de vinte establecementos.

Cando empezaron todo ía ben, coñecíanse e axudaban.

Lolita sentíase feliz, pero co tempo todo foise deteriorando. Empezaron por queixarse uns de que traballaban máis que outros. Aos poucos foron facendo pequenos grupos. Hoxe, tras aparencia de boa cara, hai un moi mal ambiente de fondo. Algúns nin se falan. Ademais abunda o chisme que descualifica e desanima.

Lolita sentese moi incómoda. Así, pouco futuro vai ter o cooperativa “Pan bendito”.

DIALOGAMOS:

Pan bendito...

- *Coñeces algún grupo de persoas así?*
- *Que futuro terá esa cooperativa? Porque?*
- *Sentícheste como Lolita algunha vez?*
- *Pasa algo parecido nas nosas comunidades cristiás?*

A difamación e a calumnia son como un acto terrorista: arróxase a bomba, destrúese, e o atacante queda feliz e tranquilo. Isto é moi diferente da nobreza de quen se achega a conversar cara a cara, con serena sinceridade, pensando no ben do outro. (GE, nota 73)

II. ESCOITEMOS A PALABRA DE DEUS

Preparámonos internamente facendo silencio interior para acoller a mensaxe que o Señor quere transmitirnos coa súa Palavra.

Pode axudarnos facer un momento de silencio, abrir unha Biblia e acender unha vela.

Logo un do grupo proclama **1Cor 1, 10-17**:

¹⁰Irmáns, polo nome do noso Señor Xesús Cristo: rógovos que vos poñades todos de acordo e que non haxa divisións entre vós; ó contrario, axeitádevos todos nun mesmo espírito e nun mesmo pensamento.

¹¹Pois, irmáns, polos de Cloe cheguei a saber que hai discordias entre vós. ¹²Refírome a que cada un de vós anda a dicir: «eu son de Paulo, eu de Apolo, eu de Cefas, eu de Cristo». ¹³¿Pero é que Cristo está dividido? ¿É que foi Paulo a quen crucificaron por vós? ¿Ou é Paulo o nome no que vos bautizaron?

***14* Dou grazas a Deus de non ter eu bautizado a ningún de vós fóra de Crispo e de Caio; *15* así ninguén poderá dicir que vos bautizaron no meu nome. *16* Ai si, tamén bauticei a familia do Estevo; pero do resto, que eu acorde non bauticei a ninguén. *17* Porque non me mandou Cristo a bautizar, senón a predicar o Evanxeo; e isto sen habilidades retóricas, para que non quede desvirtuada a eficacia da cruz de Cristo.**

Volvamos ler este texto. Deus fala hoxe de moitas formas, pero especialmente a través da súa Palabra.

A comunidade de Corinto caracterízase pola súa vitalidade. Dela dirá Pablo: Sobresaídes en todo (2Cor 8,7) Pero chegan malas noticias.

- *De que defecto decatouse San Pablo?*
- *Como expresaban as súas diferenzas os corintios?*
- *Como reacciona Pablo?*

Subliña o que che chamara máis a atención na argumentación de Pablo.

Non hai comunidades perfectas neste mundo. A idílica paisaxe descrita por Feitos nos seus sumarios (2,42-47 e 4,32-37) sobre a comunidade primitiva revélase máis como un ideal para alcanzar que como un froito logrado.

San Pablo, nas súas cartas, sempre ten que reconducir situacións que se afastan do ideal evanxélico.

III. MEDITACIÓN

Nós non somos distintos a esta comunidade de Corinto. Somos cristiáns, formamos unha comunidade de crentes, pero non sempre vivimos como tales. A semente da discordia medra con facilidade e vai levantando barreiras entre nós.

Irmáns, polo nome do noso Señor Xesús Cristo: rógovos que vos poñades todos de acordo e que non haxa divisións entre vós (v. 10) Poida que a palabra división sexa moi forte pero “discordias”... *Hai desencontros, relacións distantes ou desconfianza na nosa comunidade cristiá? A que son debidas?*

¿Pero é que Cristo está dividido? ¿É que foi Paulo a quen crucificaron por vós? ¿Ou é Paulo o nome no que vos bautizaron? (v. 13) A comunidade cristiá ten que ser como un corpo. Como o Corpo de Cristo. *É realmente ese noso ideal? Que teriamos que cambiar para que iso fose así?*

Porque non me mandou Cristo a bautizar, senón a predicar o Evanxeo; e isto sen habilidades

retóricas, para que non quede desvirtuada a eficacia da cruz de Cristo. (v. 17) Pablo tiña moi clara a súa misión na Igrexa. *Que buscamos na nosa comunidade cristiá? Cal é o meu papel dentro dela?*

IV. CONTEMPLACIÓN E ORACIÓN

É momento para a ORACIÓN e o COMPROMISO....
Volvemos ler o texto bíblico... Oramos en silencio....

Podemos expresar a nosa oración en forma de peticións...

Asumimos algún compromiso persoal... e comunitario se nos parece oportuno.

Podemos terminar cantando ***Te pedimos perdón, Señor*** ou outro canto apropiado.

Te pedimos perdón, Señor.
Por el bien que no hemos hecho,
por lo que hemos hecho mal. Señor, piedad.

1. Perdón por haber vivido
sin fijarme en los demás.
Perdón por no haber querido
en mi hermano confiar.

MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA O ANIMADOR

1Cor 1, 10-17

Escenario de lectura: O corpus paulino e a comunidade de Corinto

Os escritos do *corpus* paulino, ordenados na Biblia por destinatario (primeiro as comunidades, despois os individuos) e extensión (de maior a menor), son o macrocontexto da nosa pasaxe.

A nosa pasaxe sitúase en 1Cor, a (segunda?) carta que Pablo escribe á comunidade de Corinto, cara ao ano 55. Así como hai quen dubida da autoría paulina das cartas pastorais (Timoteo e Tito) ou das “eclesiais” (Colosenses e Efesios), ninguén vacila en afirmar que 1Corintios é autógrafa de Pablo¹.

A cidade na que vivía a comunidade de Corinto era, naquel tempo, portuaria. Xunto coas mercadorías chegaban noticias do mundo enteiro, o que facía daquel un lugar tan culto e luxoso como supersticioso e inmoral.

¹ Cousa distinta é si a escribiu do seu puño e letra ou a dictou (cf. Rm 16,22: “Salúdvos no Señor, eu, Tercio, que escribo a carta”) e despois a firmou (cf. 1 Cor 16,21: “Este saludo é da miña propia man: Pablo”), como facía noutras ocasións (Gal 6,11; Col 4,18; 2 Tes 3,17; Flm 9).

Pablo escribe esta carta para resolver varios conflitos xurdidos na comunidade de Corinto e dar resposta a varias consultas que lle fixeran. O peor dos conflitos, e base do resto, é a falta de unión-unidade, ante o que san Pablo acabará por enarborar o carisma do amor.

Dentro da corrección de desordes entre os cristiáns de Corinto (1Cor 1,10-6,20), Pablo empeza atallando as divisións internas (1Cor 1,10-4,21). Será na segunda parte da carta onde aborde as consultas que lle fixeron (cf. 1Cor 7,1: “Sobre o que escribistes...”).

Comentario

- Despois do saúdo epistolar (1Cor 1,1-3), Pablo dá comezo á súa carta cunha acción de grazas a Deus non exenta do sabor dunha *captatio benevolentiae* (vv. 4-9). O que segue é introducido polo autor como unha exhortación: “Irmáns rógovos...” (v. 10).
- **v. 10.** “polo nome do noso Señor Xesús Cristo”. O nome de Xesús é o medio *a través do cal* Pablo exhorta á súa comunidade. Vén equivaler ao noso “por Deus cho pidoo”. Con todo, Feitos testemuña a importancia específica do *nome* de Xesús. Nos cinco primeiros capítulos todo sucede por, para e no Seu nome². O cal leva a pensar, seguindo a liña

² Cf. Feit 2,21.38; 3,6.16; 4,7.10.12.17.18.30; 5,28.40.41.

veterotestamentaria, na identificación do nome coa persoa mesma, concretamente na súa misión: un debe obrar e vivir conforme ao seu nome. No caso de Xesús: salvación.

“Non haxa divisións entre vós”. É, tal cal, a palabra grega *sjisma* (cf. 1Cor 11,18; 12,25). Pablo sabe que, dentro dunha comunidade, “é necesario que haxa grupos (*airesis*)” (1 Cor 11,19), pero nunca debe haber divisións, cismas (v. 18). Aquilo de s. Agustín: “No esencial, unidade; no dubidoso, liberdade; en todo, caridade”.

- **vv. 11-12.** Aínda ausente, Pablo decátase “polos de Cloe” das contendas, *rivalidades*, que hai na súa comunidade (v. 11), as cales explica seguidamente (v. 12): os grupos (lexítimos) derivasen en faccións enfrontadas. Polo menos tres son os que se mencionan: os que se senten de Pablo, os que *de* Apolo (cf. Feit 18,24) e os que *de* Cefas (= Pedro, cf. Mt 16,18). Este versículo pódese traducir de dúas formas: “Cada un de vós di «eu son de Pablo», «e eu, de Apolo», «e eu, de Cefas», «e eu, de Cristo»”. Neste caso, un cuarto grupo (os de Cristo) parece engadirse. Pero é máis probable a seguinte lectura (que fai o NT de M. Iglesias): “Cada un de vós di «eu son de Pablo», «e eu, de Apolo», «e eu, de Cefas». «Pois eu de Cristo!». Onde o grupo dos “de Cristo” é un

recurso retórico co que Pablo indicaría que o non é de ninguén máis que *de* Cristo.

- **v. 13.** “¿Pero é que Cristo está dividido?”. Non pode ser, xa o Señor advertiu que aquilo que está dividido non pode resistir (cf. Mc 3,24-26 e par.). Seguidamente (vv. 13-16), Pablo pon en relación a cruz do Señor (para Pablo o Misterio Pascual é indisociable: morte-resurrección) e o bautismo, dando grazas de non bautizar (a moitos), xa que o bautismo indica unha certa pertenza. Pénsese, por exemplo, na expresión “bautismo de Xoán”, repetida no NT (por exemplo, no significativo caso no que Xesús gábao como o maior nacido de muller, despois do cal a xente se converte e faise bautizar co bautismo de Xoán, (cf. Lc 7,28-29). Esa pertenza faise máis evidente na expresión “bautizarse no nome de”, xa sexa Xesus Cristo (expresión querida polo libro de Feitos, cf. 2,38; 8,16; 10,48; 19,5) ou coa fórmula trinitaria (cf. Mt 28,19). Por iso é de extremada importancia que non fosen bautizados no nome de Pablo (cf. 1Cor 1,13.15).
- **v. 17.** Parece que se contrapón bautizar a evanxelizar. En realidade, entendéndoo como unha comparativa, podería dicirse: “Non me enviou principalmente a bautizar, senón sobre todo a evanxelizar”. O cal serve a Pablo para

lembrar que o seu éxito no anuncio do Evanxeo non se debe “a sabedoría da palabra (= elocuencia)”. É o Misterio Pascual de Cristo (= “a cruz de Cristo”) o que fai potente, poderosa, a súa mensaxe. É unha forza distinta da súa ciencia. Non significa que Pablo non use os seus coñecementos (de feito, as súas cartas mostran un concienzudo despregamento das técnicas retóricas de persuasión), senón que sabe que o éxito non depende deles.

